

NORMATIVA DE SIMULTANEIDADE DE ESTUDOS NA UNIVERSIDADE DE VIGO

(Aprobada en Consello de Goberno de 17 de xullo de 2017, modificada en Consello de
Goberno de 2 de xuño de 2020)

PREÁMBULO

A Orde do Ministerio de Educación e Ciencia do 28 de setembro de 1984 (BOE do 9 de outubro) servía de base ás universidades para regulamentar a simultaneidade de estudos universitarios en distintos centros e afectaba a plans de estudo cunha estrutura moi diferente á contemplada na actualidade.

O Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, e modificacións posteriores, indica que as universidades impartirán ensinanzas de grao, máster e doutoramento conducentes á obtención dos correspondentes títulos oficiais, permitindo unha maior flexibilidade na organización das ensinanzas universitarias, promovendo a diversificación curricular aproveitando as universidades a súa capacidade de innovación, as súas fortalezas e oportunidades.

Por outra banda, a Universidade de Vigo, no seu obxectivo de ofrecer alternativas de formación que melloren a oferta dispoñible, posibilita que calquera estudante poida cursar de forma simultánea dúas titulacións oficiais de grao, mediante a proposta dun programa conxunto de estudos oficiais de grao (PCEO) elaborado polos centros respectivos sobre os planos de estudos oficiais de acordo coa Normativa de programa conxunto de estudos oficiais de grao na Universidade de Vigo.

Cómpre agora regulamentar a simultaneidade de ensinanzas universitarias oficiais de acordo co establecido no artigo 2 da Normativa de Permanencia e progreso do estudantado das titulacións oficiais de grao e de máster universitarios da Universidade de Vigo aprobada no Consello de Goberno do 16 de decembro de 2016 e polo Consello Social o 12 de xuño de 2017.

Por isto, o Consello de Goberno, na súa sesión do 17 de xullo de 2017 aproba a Normativa de simultaneidade de estudos na Universidade de Vigo:

Artigo 1

Considérase simultaneidade de estudos, a realización de máis dun estudo oficial de grao, máster ou doutoramento nunha universidade pública ou privada española. Non se poderán simultanear máis de dúas titulacións, sexan estas da Universidade de Vigo ou doutras universidades.

Artigo 2

Cando as dúas titulacións estean sometidas a límite de prazas no curso académico que se solicite, non se poderán simultanear estudos agás que rematado o proceso de ingreso resulten vacantes na segunda titulación.

A simultaneidade non implicará a modificación da organización docente nin a adaptación de horarios de ningunha das dúas titulacións, debéndose asegurar o/a alumno/a a compatibilidade de horarios e probas de avaliación.

Non se concederá autorización de simultaneidade para cursar estudos doutra universidade conducentes á obtención do mesmo título ou entre titulacións que teñan as mesmas competencias académicas ou profesionais. En caso de realizar os mesmos estudos simultaneamente en dúas universidades, non se recoñecerán na UVigo. Poderanse solicitar informes para valorar a similitude de estudos.

SIMULTANEIDADE DE DÚAS TITULACIÓNS OFICIAIS DE GRAO NA UNIVERSIDADE DE VIGO

Artigo 3

Non se concederá simultaneidade para cursar por primeira vez dúas titulacións oficiais de grao na Universidade de Vigo, excepto nun programa conxunto de estudos oficiais de grao (PCEO) que se rexerá pola súa normativa específica.

Artigo 4

Quen pretenda simultanear unha titulación oficial xa iniciada con outra polo procedemento xeral de admisión convocado polo SUG, deberá ter en conta que para que ésta lle poida ser concedida haberá que:

- Ter superado o primeiro curso completo nunha das titulacións.
- Agardar a que, unha vez rematado o proceso de adxudicación de prazas no sistema universitario de Galicia, se publique a convocatoria de prazas vacantes, momento no que deberá solicitar praza na nova titulación.
- Cumprir os requisitos de matrícula establecidos na Normativa de permanencia e progreso do estudantado das titulacións oficiais de grao e máster universitarios da Universidade de Vigo e na resolución reitoral da convocatoria de matrícula para estudos de grao do ano académico correspondente.

Artigo 5

Haberá que ter concedida a simultaneidade previamente á formalización da segunda matrícula. Quen solicite simultaneidade de estudos deberá presentar unha instancia dirixida ao/á Reitor/a da Universidade de Vigo. Tramitarase no Servizo de Xestión de Estudos de Grao e resolverase de acordo co establecido nesta normativa e nas normas que sexan de aplicación. A resolución favorable levará implícita a autorización de matrícula a tempo parcial nunha das titulacións.

Artigo 6

O máximo de créditos matriculados entre as dúas titulacións de grao non superará os 78 ECTS, unha vez feitos os recoñecementos que procedan.

Como excepción, o estudantado ao que lle resten 18 ECTS e o TFG para rematar os seus estudos, poderá simultanear con outro grao no que resulte admitido para iniciar estudos. No caso de incumprimento do límite máximo de créditos matriculados, iniciarase de oficio o proceso para regularizar a situación no Servizo de Xestión de Estudos de Grao.

SIMULTANEIDADE DE DÚAS TITULACIÓNS OFICIAIS DE MÁSTER NA UNIVERSIDADE DE VIGO

Artigo 7

Poderán simultanearse dous másteres na Universidade de Vigo, sempre que o máximo de créditos matriculados nas dúas titulacións non supere os 78 ECTS.

Como excepción, o estudiantado ao que lle resten 18 ECTS e o TFM para rematar os seus estudos, poderá simultanear con outro máster no que resulte admitido

Para os efectos de simultaneidade de estudos de continuación de máster con outros estudos de posgrao, considérase que os estudos de continuación de máster non están sometidos a límite de prazas.

Artigo 8

Haberá que ter concedida a simultaneidade previamente á formalización da segunda matrícula. Quen solicite simultaneidade de estudos deberá presentar unha instancia dirixida ao/á Reitor/a da Universidade de Vigo e tramitarase no Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao

SIMULTANEIDADE DE TITULACIÓN DE GRAO E MÁSTER NA UNIVERSIDADE DE VIGO

Artigo 9

Poderase simultanear a matrícula nun grao coa matrícula nun máster na Universidade de Vigo, sempre que o máximo de créditos matriculados nas dúas titulación non superen os 78 ECTS. Como excepción, o estudiantado ao que lle resten 18 ECTS e o TFG/TFM para rematar os seus estudos, poderá simultanear con outros estudos nos que resulte admitido.

Artigo 10

Haberá que ter concedida a simultaneidade previamente á formalización da segunda matrícula. Quen solicite simultaneidade de estudos deberá presentar unha instancia dirixida ao/á Reitor/a da Universidade de Vigo e tramitarase no Servizo de Xestión de Estudos de Grao se a segunda titulación é de grao e no Servizo de Xestión de Estudos de Postgrao se a segunda titulación é un máster

SIMULTANEIDADE DE TITULACIÓN DE MÁSTER E DOUTORAMENTO NA UNIVERSIDADE DE VIGO

Artigo 11

Poderase simultanear a matrícula nun máster coa matrícula nun programa de doutoramento sempre que o máximo de créditos matriculados nas dúas titulación non supere os 78 ECTS.

A matrícula nun programa de doutoramento a tempo completo computará, en xeral, como 60 ECTS para os efectos de valoración da simultaneidade de estudos nun curso académico. Non obstante, excepcionalmente será de 45 ECTS especificamente para a simultaneidade cos estudos do máster polo que a persoa accedeu ao doutoramento, sempre que lle resten 30 ECTS ou

menos para rematar a dita titulación de máster. Esta excepcionalidade só poderá aplicarse durante un curso académico.

Artigo 12

Haberá que ter concedida a simultaneidade previamente á formalización da segunda matrícula. Quen solicite simultaneidade de estudos deberá presentar unha instancia dirixida ao/á Reitor/a da Universidade de Vigo e tramitarse no Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao se a segunda titulación é un máster e na EIDO se a segunda titulación é un doutoramento.

SIMULTANEIDADE DE TITULACIÓN DE GRAO E DOUTORAMENTO NA UNIVERSIDADE DE VIGO

Artigo 13

Poderase simultanear a matrícula nun grao coa matrícula nun doutoramento na Universidade de Vigo, sempre que o máximo de créditos matriculados nas dúas titulación non superen os 78 ECTS.

Artigo 14

Haberá que ter concedida a simultaneidade previamente á formalización da segunda matrícula. Quen solicite simultaneidade de estudos deberá presentar unha instancia dirixida ao/á Reitor/a da Universidade de Vigo e tramitarse no Servizo de Xestión de Estudos de Grao se a segunda titulación é de grao e na EIDO se a segunda titulación é un doutoramento.

SIMULTANEIDADE DE TITULACIÓNS DA UNIVERSIDADE DE VIGO CON OUTRAS UNIVERSIDADES

Artigo 15

A simultaneidade entre estudos da UVigo e doutra universidade estará sometida a esta Normativa. Para simultanear unha titulación con outros estudos non presenciais (virtuais ou semipresenciais) se esixirán os mesmos requisitos e se aplicarán as mesmas limitacións de matrícula que se regulan para os estudos que se simultanean na UVigo.

En caso de que outra universidade conceda a simultaneidade de estudos a un alumno que non reuna as condicións que se establecen nesta normativa, o estudante debe optar entre os dous estudos. En caso de non facelo, procederase a anular a matrícula nos estudos que cursa na UVigo.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta Normativa entrará en vigor a partir do curso académico 2017/2018.